

COMISIÓN INFORMATIVA DE TRANSPARENCIA E ADMINISTRACIÓN PROVINCIAL

ACTA da mencionada comisión informativa, correspondente ao día **20 de marzo de 2019**

ASISTENTES:

PRESIDENTE: D. Jorge Pumar Tesouro DEPUTADOS/AS: D. ^a Consuelo Vispo Seara D. ^a Ana María Villarino Pardo D. Antonio Montero Fernández D. Miguel A. Cid Álvarez D. ^a María Teresa Cerdeira Valiñas D. ^a Isabel Gil Álvarez D. José Ignacio Gómez Pérez D. Adolfo González Novoa D. Armando Ojea Bouzo D. Ramiro Rodríguez Suárez D. Francisco José Fraga Civeira SECRETARIO: D. Juan Marquina Fuentes INTERVENTOR ACCTAL: D. José Mosquera Casero	No Pazo da Deputación Provincial de Ourense, o 20 de marzo de 2019 , ás 17.00 horas, baixo a presidencia de don Jorge Pumar Tesouro, e coa asistencia dos señores/as á marxe relacionados, réunese a expresada comisión informativa, co fin de proceder á preparación e estudo dos asuntos que se indican, adoptándose os seguintes acordos:
--	---

1º.- ACTA ANTERIOR, CORRESPONDENTE Á ORDINARIA DO DÍA 13 DE FEBREIRO DE 2019.-

En relación coa acta da reunión anterior, correspondente á ordinaria do día 13 de febreiro de 2019, non se formulan observacións quedando aprobada co voto favorable

do Grupo Popular (7), do Grupo Socialista (3), de Democracia Ourensana (1) e do BNG (1) e a abstención do deputado don Francisco José Fraga Civeira.

2º.- DACIÓN DE CONTA DO INFORME DE SECRETARÍA XERAL SOBRE A COMPOSICIÓN DAS COMISIÓNS INFORMATIVAS.-

O Sr. secretario dá conta do informe de Secretaría Xeral sobre a composición das comisións. Os membros da comisión quedan informados.

3º.- MOCIÓNS DE URXENCIA.- Non se presentan.

4º.- ROGOS E PREGUNTAS.- Nesta quenda prodúcense as seguintes intervencións:

D. José Ignacio Gómez Pérez, do Grupo Socialista, quere saber se existe algún compromiso da Deputación coa alcaldesa de Parada de Sil para asumir un crédito municipal para facerlle fronte a un programa de rehabilitación de vivenda en medio rural. Lembra que a dita cuestión foi tratada no último pleno e que aínda non obtivo resposta, polo que desexa coñecer se ese acordo existe, se está vixente e en que termos.

O **presidente** da comisión indica que se foi formulada no pleno se lle dará cumprida resposta por escrito antes da seguinte sesión plenaria, tal e como prevé o Regulamento orgánico da Deputación.

D. José Ignacio Gómez Pérez, do Grupo Socialista, lembra que na anterior comisión preguntou polas obras acometidas nos locais dos grupos políticos na Deputación no ano 2018, ao que se lle contestou en que non se fixera ningunha obra, agora desexa saber se neste mandato, que comezou no ano 2015, se levaron a cabo obras nas sedes dos diferentes grupos.

O **presidente** da comisión contesta que obras no sentido estrito da palabra non se acometeron, senón que simplemente se levaron a cabo pequenos arranxos de pintura e avío nos locais dos grupos que o solicitaron e se lles dotou de equipamento.

E, ás 17.10 horas, dáse por finalizada a reunión, redactándose a presente acta, que asinan o presidente e o secretario. Certifico.